



TRÍO DE TRES MÁIS RITMO

A COMPAÑÍA

Félix Rodríguez, Olivier Cano e Óscar Prieto son Trío Detrés, unha nova formación cómica que pretende encher os teatros e as rúas de música, humor e moito, moito ritmo.

Tres músicos de ampla e variada traxectoria (Píscore, Trío Refugallo, A Magnifique Bande dos Homes sen Medo, Brigadiers, Odaiko, ...) que volven unir forzas e talentos neste novo proxecto.

O ESPECTÁCULO

E para comezar esta nova etapa, Trío Detrés presenta neste verán 2020 *Máis Ritmo*, unha nova aventura de creación propia dirixida por Fran Rei. Espectáculo versátil que pode presentarse nunha praza ou en formato itinerante, coa música e o ritmo como protagonistas, mesturado con rutinas e *gags* cómicos e para todos os públicos.

Temas propios, versións de cancións populares, divertidos arranxos para un programa que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras, ...

Que acontece cando parte da banda chega tarde e despistada ao lugar do concerto? Unha sucesión de situacións cheas de humor, de improvisación, de solucións disparatadas, pero sempre acompañadas pola mellor música. Unha nova produción con ritmo, máis ritmo, que fará gozar, bailar e rir ao público.

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Félix Rodríguez, Olivier Cano e Óscar Prieto

DIRECCIÓN: Fran Rei

XÉNEROS: Espectáculo cómico-musical



50'



FAMILIAR



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA